



RESOLUCIÓN DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES DE CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA O ANO 2016 EN MATERIA DEPORTIVA.

O Concello Municipal de Deportes de Ourense procede a convocar axudas en materia deportiva para o exercicio 2016 conforme ás Bases reguladoras de subvencións en materia deportiva do Concello Municipal de Deportes, á Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003 Xeral de Subvencións de acordo coa súa disposición derradeira primeira e, supletoriamente, o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, que aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Primeiro.- Obxecto.

Conforme ás Bases reguladoras de subvencións en materia deportiva do Concello Municipal de Deportes, constitúe o obxecto da presente convocatoria a concesión de subvencións en materia deportiva para o exercicio 2016 con cargo ao orzamento do Concello Municipal de Deportes de Ourense (en adiante CMD), nas liñas:

Liña 1.- Organización de actividades deportivas federadas e outras actividades de especial transcendencia social que contribúan á promoción deportiva no período comprendido entre 1 de novembro de 2015 ao 31 de outubro de 2016.

Liña 2.- Gastos de funcionamento das entidades deportivas por participación ou organización de competicións e actividades federadas de carácter oficial, para tempada 2015-2016 ou anualidade 2015.

Segundo.- Crédito orzamentario.

A concesión das subvencións obxecto desta convocatoria será atendida con cargo a aplicación orzamentaria 3410.48010 do Orzamento do CMD para o exercicio económico 2016 nos seguintes importes:

1.- Setenta mil euros (70.000,00€) á primeira liña.

2.- Cincocentos setenta mil euros (570.000,00€) para a segunda liña.

Estes importes poderán ser ampliados no caso de existencia de crédito na aplicación orzamentaria no momento da resolución, sen que esta circunstancia dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes.

Terceiro.- Solicitudes: Prazo e forma.

As solicitudes presentaranse no Rexistro do CMD, nos seguintes prazos:

Liña de actuación 1.^a: ata o 31 de outubro de 2016.

Liña de actuación 2.^a: 30 días naturais desde á publicación desta convocatoria no BOP.

A documentación a presentar será a determinada nas Bases reguladoras de subvencións en materia deportiva do Concello Municipal de Deportes.

Cuarto.- Forma de complementar de xustificación económica.

As entidades que resulten adxudicatarias de subvencións xustificarán conforme as bases aprobadas do Concello Municipal de Deportes e aquelas entidades que reciban subvención por importe igual ou superior a 25.000,00 euros, virán obrigadas a complementar a xustificación económica cos estados financeiros anuais de acordo coa normativa contable vixente.

Será imprescindible para o cobro da subvención xustificar a difusión do Concello Municipal de Deportes / Concello de Ourense, incluíndo nos seus elementos divulgativos os logos que para tal efecto poden descargar da páxina web www.deportesourense.com, apartado de subvencións.

Quinto.- Normativa aplicable.

En todo o non especificado na presente Convocatoria, estarase ao disposto nas Bases Reguladoras de subvencións en materia deportiva do CMD, na Lei de Subvencións de Galicia, a Lei Xeral de Subvencións, a Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ourense e demais normativa que resulte de aplicación.